

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 03.12.2021.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro *[abandona a sesión sendo as 10h 24min, no transcurso do debate do punto]*

D^a Raquel Caruncho Corral

D^a Yolanda Vázquez Busto

D^a Ángela Piñeiro Carrera

D. Daniel Ríos Fernández

D. Joshua Dopico López

D^a. Manuela García Fachal

D^a Alejandra Bellón Tenreiro

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

D. Luis Angel Díaz González.

D. Luis Pena Mosquera

D^a Rocío Souto Torre

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as dez horas e catro minutos do día tres de decembro de dous mil vinte e un, xúntanse de xeito telemático, en sesión extraordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria accidental e Interventora Municipais.

A Secretaria accidental:

Dna. Eva Guerrero Rico.

A Interventora:

Dna. Lucia Varela Martínez.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

ÚNICO.- APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO, DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCICIO DE 2022.

A Secretaria accidental da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda, celebrada en sesión extraordinaria ó día 30 de novembro de 2021, que se transcribe a continuación:

“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA

SESIÓN: EXTRAORDINARIA DE DATA MARTES 30 DE NOVEMBRO DE 2021

EXPDTE: 2021/G012/000018



ÚNICO.- APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCICIO DE 2022.

A Secretaria accidental da lectura a proposta de Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCIZO DE 2022.

Expediente TDeC: 2021/T004/000001

En virtude do establecido na Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira respecto do límite de gasto non financeiro e sen prexuízo da suspensión das regras fiscais; 168 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril en relación coa aprobación do orzamento; e do artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local en relación co cadro de persoal.

Tendo en conta os documentos que compoñen o expediente:

- A proposta de aprobación do límite de gasto non financeiro realízase por importe de 7.349.773,88 euros (de acordo co informe emitido pola Intervención municipal de referencia 375/2021)

- A proposta de aprobación do Proxecto do Orzamento Xeral para o exercicio económico 2022 cun importe equilibrado que ascende 7.359.773,88 euros, no Estado de Ingresos e no Estado de Gastos, xunto cos seguintes documentos:

** Proxecto de Orzamentos (detallando os estados de gastos e de ingresos en varias listaxes, a saber: estado de gastos; estado de gastos resumo por área de gasto e capítulo; estado de gasto por programas; estado de ingresos e resumo por capítulos de gastos e ingresos)*

** Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións*

** Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance do corrente – neste caso se xunta o Decreto de aprobación da liquidación do exercicio 2020 e a remisión ao Ministerio da última información trimestral e avance de liquidación remitida, que é a correspondente ao terceiro trimestre de 2021.*

** Anexo dos investimentos a realizar no exercicio*

** Anexo do persoal municipal*

** Estado de previsión de movementos e situación da débeda*

** Bases de Execución*

** Anexo de beneficios fiscais en tributos locais*

** Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social*

** Informe económico-financiero sobre as bases empregadas para o cálculo dos ingresos,*

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

suficiencia dos créditos e efectiva nivelación orzamentaria

- A proposta de aprobación do cadro de persoal, que comprende todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

As dúas primeiras propostas foron informadas favorablemente pola Intervención municipal nos informes de referencia 374/2021 e 375/2021, asinados dixitalmente o día 25 de novembro de 2021

Logo do anterior, esta Alcaldía-Presidencia somete a ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o límite de gasto non financeiro, que marcará o teito de asignación de recursos dos orzamentos, por importe de 7.349.773,88 euros

SEGUNDO.- Aprobar o Orzamento Xeral da Corporación, que ascende a un importe de 7.359.773,88 euros no estado de gastos e de ingresos, con todos os documentos sinalados nos artigos 165 e 168.1 do TRLFL sinalados anteriormente, segundo o seguinte detalle por capítulos:

PROXECTO ORZAMENTO EXERCICIO 2022			
CAPÍTULOS GASTO	EUROS	CAPÍTULOS INGRESO	EUROS
G1- Gastos de persoal	3.086.716,3 2	I1- Impostos directos	2.162.133,75
G2- Gastos en bens e servizos	3.404.798,0 7	I2- Impostos indirectos	185.000,00
G3- Gastos financeiros	7.500	I3- Taxas e outros ingresos	1.775.073,55
G4- Transferencias correntes	445.016,08	I4- Transferencias correntes	3.065.946,81
G5- Continxencias	0	I5- Ingresos patrimoniais	9010,47
G6- Investimentos reais	395.434,35	I6- Allem. Inves. Reai	0
G7- Transferencias de capital	10.309	I7- Transferencias de capital	152.609,30
G8- Activos financeiros	10.000,00	I8- Activos financeiros	10.000
G9- Pasivos financeiros	0	I9- Pasivos financeiros	0
EMPREGOS (CAP. 1-9)	7.359.773,8 8	RECURSOS (CAP. 1-9)	7.359.773,88

TERCEIRO.- Aprobar o cadro de persoal do persoal funcionario e laboral seguinte:



PLANTILLA DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME

PERSOAL FUNCIONARIO						
CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Nº prazas	Corpo Escala	Subescala	Situación
01.00.00.01.01	SECRETARIA XERAL	A1-30	1	H. Nacional	Secretaría. Categoría de Entrada	Propiedade
01.00.00.02.02	TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL. XEFE DE SECRETARIA	A1-24	1	Ad. Xeral	Técnico Superior	Vacante
01.00.00.02.08	TÉCNICO DE XESTIÓN	A2-24	1	Ad. Xeral	Xestión	Vacante
01.00.00.03.03 01.00.00.03.04 010.00.00.03.09	ADMINISTRATIVOS	C1-18	3	Ad. General	Administrativa	2 Propiedade 1 Vacante
01.00.00.03.05 01.00.00.03.10 01.00.00.03.11	AUX. ADMINISTRATIVO ÁREA ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERNO	C2-16	3	Ad. General	Auxiliar	Vacantes
01.00.00.03.06	ALCUACIL- PORTEIRO	E-14	1	Ag. Profesional	Subalterno	Vacante
02.00.00.01.01	INTERVENTOR	A1-30	1	H. Nacional	Intervención/ Tesourería Categoría de Entrada	Propiedade
02.00.00.02.02	XEFE INTERVENCIÓN	B/C1-22	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
02.00.00.03.05	ADMINISTRATIVO- INFORMÁTICO	B/C-20	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
02.00.00.03.06 02.00.00.03.09	ADMINISTRATIVO ÁREA ECONÓMICA /FINANCEIRA, INTERVENCIÓN	C1-18	2	Ad. Xeral	Administrativa	1 Propiedade 1 Vacante
02.00.00.03.11	AUXILIAR ADMINISTRATIVO . ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA . INTERVENCIÓN	C2-16	1	Ad. Xeral	Auxiliar	Vacante
02.00.00.01.08	TESORERO	A1-28	1	Ad. Xeral	Administrativa	Propiedade
02.00.00.02.03	XEFE DE XESTIÓN DE PERSOAL E RECADACIÓN	B/C1-22	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
02.00.00.03.10	ADMINISTRATIVO. ÁREA ECONÓMICO	C1-18	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	FINANCEIRA. TESOURERÍA					
02.00.00.03.07	AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA. TESOURERÍA	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante
03.00.00.01.01 03.00.00.01.02	ARQUITECTO	A1-28	2	Ad. Especial	Técnico Superior	Vacante 1
03.00.00.02.02	ARQUITECTO TÉCNICO	A2-24	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante.
03.00.00.03.03	ADMINISTRATIVO. ÁREA DE URBANISMO	C1-18	1	Ad. General	Administrativa	Propiedade.
03.00.00.03.04 03.00.00.03.06	AUX ADMTVO ÁREA DE URBANISMO	C2-16	2	Ad. General	Administrativa	Vacantes
03.00.00.03.05	AUX POL URBAN	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante
04.00.00.01.02	OFICIAL DE POLICÍA	C1-18	1	Ad. Especial	Servizos Especiais	Vacante
04.00.00.02.03-10	POLICÍA	C1-16	8	Ad. Especial	Servizos Especiais	3 Propiedade 5 Vacantes
04.00.00.03.11	AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE POLICÍA	C2-16	1	Ad. Xeral	Auxiliar	Vacante
05.03.00.02.16	SEPULTUREIRO	E-12	1	Ag. Profesional. Administración Especial	Persoal oficios	Vacante
06.00.00.01.01	TÉCNICO MEDIO EN SERVIZOS SOCIAIS	A2-26	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante
06.00.00.03.02	AUX ADMTVO. ÁREA SERVIZOS SOCIAIS	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante
07.00.00.03.02	ADMINISTRATIVO. ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO.	C1-18	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
08.00.00.01.01	TÉCNICO DE XESTIÓN DEPORTIVA	A2-20	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante
08.00.00.03.02	AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA DE DEPORTES.	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante
09.00.00.01.01	BIBLIOTECARIO-	A1-26	1	Ad.	Técnico	Propiedade



	ARQUIVEIRO			Especial	Superior	
09.00.00.03.03	AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA DE CULTURA E TURISMO	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante
09.00.00.02.03	TÉCNICO TURISMO	A2-20	1	Ad. Especial	Técnica	Vacante

PERSOAL LABORAL					
CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Nº de prazas	Situación	
01.00.00.02.07	NORMALIZADOR LINGÜÍSTICO	II-20	1	Vacante	
05.00.00.01.01	ENCARGADO DE OBRAS E SERVIZOS	III-22	1	Vacante	
05.01.00.02.02-03	OFICIAL 1ª	IV-14	2	Vacante	
05.01.00.02.04-05	OFICIAL 2ª	V-12	2	Vacante	
05.01.00.03.07	CONDUTOR	IV-14	1	Vacante	
05.01.00.03.08-10	PEÓN	V-12	3	Vacante (1)	
05.02.00.02.12-13	XARDINEIRO	IV-14	2	Vacante (2)	
05.02.00.03.14-15	PEÓN UNIDADE DE PARQUES E XARDÍNS	V-12	1	Vacante	
05.04.00.02.17	ENCARGADO DE MERCADO	V-12	1	Vacante	
05.05.01.02.18	ENCARGADO DO PUNTO LIMPO	IV-16	1	Vacante	
05.05.01.02.19-20	CONDUTOR CAMIÓN RECOLLIDA DE LIXO	IV-14	2	Vacante (1)	
05.05.01.03.21-23	PEÓN RECOLLIDA DE LIXO	V-12	3	Vacante (1)	
05.05.02.03.24-30	BARRENDEIRO	V-12	6	Vacante (4)	
05.05.03.03.31-38	LIMPADOR	V-12	8	Vacante (7)	
06.01.00.02.03	PSICÓLOGO	I-22	1	Vacante	
06.01.00.03.04	ASISTENTE SOCIAL	II-20	1	Vacante	
06.02.00.02.05	ANIMADOR SOCIAL	II-20	1	Vacante	
06.03.00.02.07	EDUCADOR SOCIAL	II-20	1	Vacante	
06.03.00.03.08-15	AUXILIAR DE FOGAR	V-12	8	Vacante	
07.00.00.03.03	CONSERXE-CONDUTOR	IV-14	1	Vacante	
07.00.00.03.05	INFORMÁTICO	III-18	1	Vacante	

PERSOAL LABORAL CON CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA.

POSTO	N.º de prazas	Remate Contrato
ANIMADOR CULTURAL	1	Fin de servizo.
ANIMADOR DEPORTIVO	1	Fin de servizo.
AXENTE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	Fin de servizo.
PEÓN, APROL RURAL	1	21/07/2021 A 20/04/2020

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PEÓN PEL	7	01/05/2021 a 31/12/2021
PEÓN (RISGA)	1	21/09/2021 A 20/06/2022
LIMPADOR (RISGA)	1	21/09/2021 A 20/06/2022
AUXILIAR DE POLICÍA	4	02/08/2021 A 01/02/2020 (3 auxiliares) 07/08/2021 A 06/02/2022 (1 auxiliar)
LIMPADOR/A EDIFICIOS	1	Interinidade substitución por IT de dona María Esther Allegue Curbeira.
LIMPADOR/A VÍAS PÚBLICAS	1	Interinidade, substitución por IT d. Francisco Varela Piñeiro
TÉCNICA TURISMO	1	01/08/2021 A 31/12/2021.

CUARTO.- Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2022, polo prazo de 15 días hábiles, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal.

SEXTO.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA; e en aplicación do artigo 8.d) da Lei de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase na sede electrónica.

Non entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Asinado dixitalmente polo Alcalde, Bernardo Fernández Piñeiro.”

A Presidencia abre a quenda para o debate ...//...

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **MAIORÍA de 5 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSOE: D. José Simoes Couceiro. Dña. Raquel Caruncho Corral, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e **2 abstencións** dos concelleiros do PP: D. Luis Ángel Díaz González, e do BNG: D. Luis Pena Mosquera.”

A Presidencia abre a quenda para o debate:

Toma a palabra D. Daniel Ríos Fernández, concelleiro de facenda, quen di que son uns orzamentos adaptados a realidade económica sanitaria que se está a vivir, seguindo un criterio de prudencia, coa finalidade de manter unha economía municipal saneada. Afirma que nestes orzamentos sociais concrétese parte do programa de actuación do goberno, achegas feitas polo resto de grupos, e tamén as contribucións das entidades que forman o tecido cultural e deportivo da vila.

A continuación, fai un breve resumo por capítulos tanto na área de ingresos como na de gastos:



No estado de ingresos di que se segue a liña levada a cabo durante os últimos anos polo goberno, que é a de non subir ningún imposto ou taxa municipal.

En canto o capítulo I (Impostos directos), explica que as estimacións están feitas baseándose na liquidación dos conceptos no ano 2020, previsión de liquidación no ano 2021, e actualización dos padróns, tendo en conta, no caso do Imposto sobre bens inmobles, a regularización catastral levada a cabo no exercicio 2017, e a contía pendente de ingresar nas entregas a conta que se veñen realizando neste ano 2021, minórase a previsión de ingresos para o ano 2021 no IBI rústica e aumentándose en IBI Urbana, en atención aos padróns fiscais tamén do exercicio 2021. Polo que se refire ao IBI de características especiais, di que se manteñen iguais previsións ca as consignadas en 2021. O aumento en concepto de IBI con respecto ao orzamentado en 2021 é de 63.567,63 euros na súa contía global.

Indica que o Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) e o Imposto sobre actividades económicas (IAE), minóranse atendendo a un criterio de prudencia, e polo importe dos padróns de 2021 e previsión de recadación este ano 2021. Di que o IVTM orzamentase na contía de 369.000 euros e o IAE en 210.000 euros, sendo a minoración con respecto a 2021 destes dous impostos de 29.000 euros. Respecto ao imposto sobre o incremento sobre o valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU), e tendo en conta a recente sentenza do Tribunal Constitucional e a nova regulación prevista do seu feito imponible, as previsións iniciais incrementáanse con respecto ao consignado en 2021, toda vez que neste ano se recollían en previsións iniciais 180.000 euros, e ata o mes de novembro se tiñan recadado máis de 317.000 euros, razón pola que se prevé un maior importe para o ano 2021, que ascende aos 280.000 euros. Di que a diferenza con respecto ás previsións consignadas no exercicio 2021, en termos porcentuais non é moi significativa, supoñendo un 28,27% no orzamento de 2021 e un 29,38% en 2022, incrementándose o total do capítulo 1 en 134.567,62 euros, o que supón un 6,64% máis, polo sinalado anteriormente. O conxunto do financiamento propio derivado da xestión dos impostos directos (IBI, IAE, IVTM e IIVTNU), representa o 29,38% do total de recursos.

Polo que se refire ao capítulo 2 (Impostos indirectos), di que se aplican criterios de prudencia na cuantificación da estimación de liquidación, prevendo un incremento de ingresos respecto dos orzamentados en 2021, derivado fundamentalmente de melloras acadadas na tramitación de determinados expedientes nos que se devenga dito imposto, este capítulo unicamente representa respecto do orzamento o 2,51%.

No capítulo 3 de Taxas e outros ingresos, realízanse tamén as estimacións de forma prudente, minorándose as previsións iniciais de 2021 (que xa se tiñan minorado no 2021 con respecto ao exercicio 2020 e á súa vez no exercicio 2020 con respecto ao exercicio 2019).

Polo que se refire aos ingresos de abastecemento, rede de sumidoiros e depuración, tense en conta igual contía que as liquidacións aprobadas no último trimestre do ano 2020 e os tres primeiros trimestres do 2021.

A taxa por expedición de licenzas calcúlase atendendo ás previsións de ingreso do ICIO, tendo en conta a interrelación entre o cobramento dunha e da outra, e tendo en conta a modificacións da ordenanza reguladora ao prever o réxime de autoliquidación e a mellora na tramitación dos expedientes. O resto de taxas por realización de actividades de competencia local e por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local se calculan tendo en conta os datos de estimación de liquidación 2021. En total este capítulo minórase con respecto ao orzamento de 2021 na contía de 130.651,57 euros. A participación porcentual do financiamento deste capítulo no total municipal elévase ao 24,12%.

No capítulo 4 de Transferencias correntes aclara que respecto á participación nos tributos do Estado, consígnase un incremento do 13% en relación á contía prevista no 2021, atendendo á previsión realizada polo propio Ministerio, con respecto do Fondo de cooperación Local, en atención ao anunciado pola Xunta de Galicia de incremento dun 3,3% xunto coa creación dun Fondo adicional. Neste punto debe reiterarse a extremada prudencia á hora de prever os

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

compromisos de subvencións, xa que óptase por orzamentar unicamente algunhas subvencións que se repiten todos os anos, e ao longo do exercicio, no momento en que se conceden outras subvencións, modificar o orzamento mediante xeracións de crédito (ou incorporacións de remanentes de crédito, fundamentalmente). A participación porcentual do financiamento deste capítulo no total municipal elévase ao 41,66%.

En canto o Capítulo 7, (Transferencias de capital), inclúese a contía prevista no POS+2022 para financiar investimentos. A participación porcentual do financiamento deste capítulo no total municipal unicamente supón o 2,07%. Neste punto sinala tamén, que a medida que se concedan novas subvencións, non previstas inicialmente para financiar investimentos, incrementárase dito capítulo mediante as modificacións orzamentarias procedentes, igual que as incorporacións de remanentes que se realicen con cargo a compromisos concertados non realizados en 2021, e de ser o caso, tamén co Remanente de tesourería para gastos xerais.

O Capítulo 8 (Activos financeiros) dótese con 10.000 euros, manténdose as previsións de anos anteriores.

Por último, en canto o capítulo 9 (Pasivos financeiros), non se prevé concertación de novos préstamos no orzamento inicial de 2021.

Referente o capítulo 1 do estado de gastos (Gastos de persoal) narra que no exercicio 2021 incrementáronse as retribucións nun 2%, e para o ano 2022 prevese tamén na Lei de orzamentos Xerais do Estado outro incremento do 2%, incrementándose a contía consignada nos créditos iniciais de 2022 a 3.086.716,32 €, sendo a porcentaxe de gasto do 41,94% do total do orzamento. Neste eido vólvese a facer unha aposta decidida polo emprego, suplementando con recursos propios o plan de emprego local da Deputación da Coruña un 40% mais que no exercicio 2021, o que permitirá reforzar os departamentos de Vías e Obras, Xardinería e Servizos.

Co respecto o capítulo 2, (Gastos en bens correntes e servizos), a consignación cífrase en 3.404.798,07 €, o que supón o 46,26% do total do gasto. Este capítulo incrementárase na contía de 98.815,75 euros, tendo en conta o maior custo que supón para o concello todo o gasto extraordinario derivado do COVID-19, así como o mantemento de investimentos realizados en anos anteriores, como o mercado municipal ou a nova Escola Infantil.

No capítulo 3, (Gastos financeiros e de amortización), a cantidade consignada por importe total de 7.500 euros refírese aos xuros previstos de operacións financeiras.

No capítulo 4 (Transferencias Correntes), dótanse os créditos necesarios para atender aos importes das transferencias e subvencións correntes con repercusión en distintas áreas municipais por importe total de 445.016,08 euros, o que supón unha porcentaxe do 6,05%.

No relativo o capítulo 6 (Investimentos), faixe un esforzo inversor por un importe de preto de 400.000 €, destacando a creación de estacionamentos na Avda do Peirao e Avda Ricardo Sánchez, o que permitirá contar con mais de 100 novas prazas de estacionamento unha vez cheguen as autorizacións sectoriais favorables, que son obrigatorias previo o comezo das obras. Ademais, continuamos coa creación de aparcadoiros preto dos cemiterios en parroquias, plan posto en marcha na anterior legislatura en Andrade e que levaremos a cabo en próximas fechas nas parroquias de Boebre, Vilar e Ombre. Destaca por último a adquisición dun novo tractor municipal cargo ao POS 2022 que levarase ao Pleno ordinario no próximo mes.



Por último en canto o capítulo 8 dótase con 10.000 €, manténdose as previsións de anos anteriores.

Para finalizar manifesta que o orzamento para o ano 2022 ascende a preto dos 7.400.000, case un 3% mais que no ano anterior, en concreto 7.359.773,88 € destacando o seguinte:

- O aumento do case o 7% en gasto social en relación ao ano 2021 e un 20% de acumulado nesta lexislatura.
- Un importante esforzo inversor de preto de 400.000€ destacando a creación de novos aparcadoiros públicos con máis de 100 novas prazas de aparcamento.
- Unha aposta clara polo emprego suplementando a partida do plan de emprego da Deputación da Coruña un 40% mais que no presuposto do ano anterior.

Conclúe a súa intervención cualificando o documento como un orzamento social, realista coa situación económica e sanitaria que estase a vivir, pensados por e para os veciños e veciñas de Pontedeume, que tenta recoller na medida do posible as demandas das distintas entidades do noso tecido asociativo, mantendo e en algún caso incrementado os servizos aos nosos veciños, e todo isto, sen subir ningún imposto ou taxa municipal.

Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez Piñeiro, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular (PP), quen agradece o traballo desempeñado polo persoal funcionario que participou na elaboración dos orzamentos. Baixo o seu punto de vista, considera que os ditos orzamentos son mellorables, di que botan en falta un pouco máis de inversión e un axuste en gasto corrente. Di que é necesaria máis inversión en gastos sociais, pois soben un 3,5 % e o IPC é do 5,3 % ou do 5,6 %. Di que, por responsabilidade, non se van opoñer a que as contas saian adiante. Fai referencia a unha errata no anexo de persoal, xa que no persoal laboral con contratos de duración determinada, en auxiliares de policía aparece período de contratación do 02/08/2021 ao 01/02/2020, pide que se corrixa este erro.

De seguido intervén D. Luis Pena Mosquera. O portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) di que o concello, segundo recoñece o equipo do goberno, ten dous grandes problemas, un deles: a falla de persoal, e outro é que hai varios servizos que teñen o contrato finalizado, ou están a prorrogarse de forma ilegal. Pregunta como recollen os orzamentos estas necesidades; que todos os informes de Intervención e Tesourería recordan a necesidade de modificar a RPT; que se vai facer para regularizar as situacións contrarias a lexislación aplicable?

Toma a palabra D. José Simoes Couceiro, concelleiro de Persoal, quen indica que a RPT é un documento que cambia o goberno, non Intervención nin Tesourería; di que a Oferta de Emprego Público do 2019 está en trámite, que se está esperando a que salga a nova Lei de consolidación do emprego público e diga como hai que actuar; Di que na Mesa Xeral de Negociación, os propios sindicatos fixeron a petición de poder esperar ata o ano 2022, que é o último ano do proceso, para convocar a oferta definitiva. Para rematar pide desculpas pois ten que ausentarse do Pleno.

[abandona a sesión D. José Simoes Couceiro, sendo as 10h24min]

Toma a palabra o D. Bernardo Fernández Piñeiro. O Alcalde-Presidente, fai unha pequena aclaración referente a Oferta de Emprego público, explica que está limitada pola actual lexislación, pois non crea prazas novas, que abre un proceso para reducir a temporalidade e que só se poden sacar prazas novas pola taxa de reposición. Indica que unicamente se poden cubrir as prazas das persoas que se xubilan e que polo tanto, o orzamento non é o mecanismo que vai mellorar a situación actual. Di que hai determinados servizos que se poden externalizar, pero hai outros, como o de Contratación, no que a Lei non o permite.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Respecto o gasto social aclara que se incrementa un 7%, e que non se pode vincular a partida de gasto social ao IPC, xa que non ten nada que ver.

Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez, di que na memoria da Alcaldía pon que para o ano 2022, noutro apartado 3,54.

Intervén D. Daniel Ríos, que indica que a comparación que está facendo o Sr. Santiago José Rodríguez é por área de gasto, pero o capítulo de gastos sociais, o número 23, aumenta un 7,24 %, por eso hai esa diferenza.

D. Luis Pena, di que a RPT faina o concello e que sendo evidente que neste Pleno se aprobou a Oferta de Emprego Público do 2019-2021, non están desenvolvidas, polo que se vai seguir cos mesmos problemas. Di que o que se presenta, non regulariza as situacións contrarias á lexislación aplicable que hai nos contratos do concello. Pregunta tamén polos grandes proxectos que se necesitan para o concello de Ponte deume, como un auditorio, un edificio multiusos, preguntando ademais se hai no orzamento do próximo ano, algunha actuación ao respecto. Finalmente tamén pregunta si se consignou algún orzamento para a compra do edificio do Picho.

O Alcalde-presidente indica que no que respecta a avanzar no tema dos contratos, se avanza dende o momento en que se quita a oferta de emprego para cubrir as dúas prazas de persoal técnico, para a que se están a elaborar as bases. No que respecta ao auditorio e ao pavillón, di que no orzamento deste ano había unha partida para adquisición de terreos, que hai un preacordo de compra para facer o auditorio e que se atrasou por ser 25 herdeiros, coa problemática que iso conleva, téndose dado, por tanto, un primeiro paso, que agarda quede listo o vindeiro ano e que se vai financiar con cargo a remanentes, facendo unha comparación coa compra de terreos prevista para este ano, que se financia con cargo a remanentes. Di que, ademais diso, hai unha partida onde van a estar incluídos os fondos para a redacción do proxecto para o auditorio, sobre o que se poderá avanzar unha vez se teña o terreo. Di que no caso do pavillón pasa o mesmo, que hai unha parcela municipal onde se localizaría e que neste orzamento hai orzamentados fondos para facer fronte á redacción do proxecto, que xa está iniciado e que se está mellorando, polo equipo redactor. Finalmente indica que se trata de edificios que exceden a capacidade inversora deste concello, xa que se está a falar de que o auditorio estaría entre os 700 e 900 mil euros, e o pavillón en torno aos 700 e que, polo tanto, unha parte financiaríase polo concello con cargo a remanentes, se ben outra parte faríase con axudas doutras administracións, sobre o que se está a traballar a día de hoxe, non só a través dalgún plan ou subvención nominativa da Deputación senón tamén da Xunta de Galicia, coa que se teñen solicitado varias entrevistas, que se agarda se concedan proximamente.

D. Luis Pena Mosquera pregunta polo orzamento previsto para a compra de terreos para o auditorio e sobre o emprazamento da parcela do pavillón e o edificio do Picho.

O Sr. Fernández Piñeiro responde que en 129.000 € e que se asumirá con cargo ao remanente de tesourería que se aplicará no ano 2022; di que a única limitación que existe, é que a propiedade teña arranxado o tema administrativo, xa que a finca non está inscrita no rexistro da propiedade, sendo necesario este trámite. Indica que o pavillón se instalaría nunha parcela municipal no Polígono de Vidreiro, adscrita a uso deportivo. Sobre o edificio do Picho, di que se está nunha situación moi similar ao caso do Peirao, indica que se está a espera dun informe da Dirección Xeral de Patrimonio, que unha vez se teña ese informe, e



se chega dentro deste ano, podería executarse dentro do ano 2021, en caso contrario iría con cargo o remanente de tesourería do ano 2022.

O Sr. Pena Mosquera fai dúas preguntas máis, cal é o porcentaxe de aumento ou diminución do orzamento, e cal é o remanente estimado para finais do 2021.

O concelleiro de facenda, D. Daniel Rios di que a porcentaxe de aumento é dun 2,67 % e ata que se cerre o ano non pode dar unha cifra do remanente; indica que o ano pasado foi de 1.000.000 €, este ano cree que será aproximada, pero hai que ter en conta as incorporacións de remanentes que non se executaron, e restan.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que o remanente se aplica a inicio do exercicio, aclarando que os remanentes non veñen só do que non se gasta. Pide a Interventora municipal que explique este concepto. A Interventora municipal fai a aclaración correspondente.

D. Luis Pena Mosquera anuncia que o voto do seu grupo vai ser abstención, en tanto que non son os orzamentos que eles farían, se ben non teñen maioría suficiente para modificalo e tampouco atopan unha razón evidente para votar a favor.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a **PROPOSTA**, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 8 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSDG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e **4 abstencións** do resto de concelleiros e concelleiras, do PP (2): D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; e do BNG (2): D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o límite de gasto non financeiro, que marcará o teito de asignación de recursos dos orzamentos, por importe de 7.349.773,88 euros

SEGUNDO.- Aprobar o Orzamento Xeral da Corporación, que ascende a un importe de 7.359.773,88 euros no estado de gastos e de ingresos, con todos os documentos sinalados nos artigos 165 e 168.1 do TRLFL sinalados anteriormente, segundo o seguinte detalle por capítulos:

PROXECTO ORZAMENTO EXERCICIO 2022			
CAPÍTULOS GASTO	EUROS	CAPÍTULOS INGRESO	EUROS
G1- Gastos de persoal	3.086.716,3 2	I1- Impostos directos	2.162.133,75
G2- Gastos en bens e servizos	3.404.798,0 7	I2- Impostos indirectos	185.000,00
G3- Gastos financeiros	7.500	I3- Taxas e outros ingresos	1.775.073,55
G4- Transferencias correntes	445.016,08	I4- Transferencias correntes	3.065.946,81
G5-Continxencias	0	I5- Ingresos patrimoniais	9010,47
G6- Investimentos reais	395.434,35	I6- Allem. Inves. Real	0
G7- Transferencias de capital	10.309	I7- Transferencias de capital	152.609,30
G8- Activos financeiros	10.000,00	I8- Activos financeiros	10.000
G9- Pasivos financeiros	0	I9- Pasivos financeiros	0
EMPREGOS (CAP. 1-9)	7.359.773,8 8	RECURSOS (CAP. 1-9)	7.359.773,88

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TERCEIRO.- Aprobar o cadro de persoal do persoal funcionario e laboral seguinte:

PLANTILLA DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME

PERSONAL FUNCIONARIO						
CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Nº prazas	Corpo Escala	Subescala	Situación
01.00.00.01.01	SECRETARIA XERAL	A1-30	1	H. Nacional	Secretaría. Categoría de Entrada	Propiedade
01.00.00.02.02	TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL. XEFE DE SECRETARIA	A1-24	1	Ad. Xeral	Técnico Superior	Vacante
01.00.00.02.08	TÉCNICO DE XESTIÓN	A2-24	1	Ad. Xeral	Xestión	Vacante
01.00.00.03.03 01.00.00.03.04 010.00.00.03.09	ADMINISTRATIVOS	C1-18	3	Ad. General	Administrativa	2 Propiedade 1 Vacante
01.00.00.03.05 01.00.00.03.10 01.00.00.03.11	AUX. ADMINISTRATIVO ÁREA ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERNO	C2-16	3	Ad. General	Auxiliar	Vacantes
01.00.00.03.06	ALCUACIL- PORTEIRO	E-14	1	Ag. Profesional	Subalterno	Vacante
02.00.00.01.01	INTERVENTOR	A1-30	1	H. Nacional	Intervención/ Tesourería Categoría de Entrada	Propiedade
02.00.00.02.02	XEFE INTERVENCIÓN	B/C1-22	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
02.00.00.03.05	ADMINISTRATIVO-INFORMÁTICO	B/C-20	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
02.00.00.03.06 02.00.00.03.09	ADMINISTRATIVO ÁREA ECONÓMICA /FINANCEIRA. INTERVENCIÓN	C1-18	2	Ad. Xeral	Administrativa	1 Propiedade 1 Vacante
02.00.00.03.11	AUXILIAR ADMINISTRATIVO . ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA . INTERVENCIÓN	C2-16	1	Ad. Xeral	Auxiliar	Vacante



02.00.00.01.08	TESORERO	A1-28	1	Ad. Xeral	Administrativa	Propiedade
02.00.00.02.03	XEFE DE XESTIÓN DE PERSOAL E RECADACIÓN	B/C1-22	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
02.00.00.03.10	ADMINISTRATIVO. ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA. TESOURERÍA	C1-18	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
02.00.00.03.07	AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA. TESOURERÍA	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante
03.00.00.01.01 03.00.00.01.02	ARQUITECTO	A1-28	2	Ad. Especial	Técnico Superior	Vacante 1
03.00.00.02.02	ARQUITECTO TÉCNICO	A2-24	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante.
03.00.00.03.03	ADMINISTRATIVO. ÁREA DE URBANISMO	C1-18	1	Ad. General	Administrativa	Propiedade.
03.00.00.03.04 03.00.00.03.06	AUX ADMTVO ÁREA DE URBANISMO	C2-16	2	Ad. General	Administrativa	Vacantes
03.00.00.03.05	AUX POL URBAN	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante
04.00.00.01.02	OFICIAL DE POLICÍA	C1-18	1	Ad. Especial	Servizos Especiais	Vacante
04.00.00.02.03-10	POLICÍA	C1-16	8	Ad. Especial	Servizos Especiais	3 Propiedade 5 Vacantes
04.00.00.03.11	AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE POLICÍA	C2-16	1	Ad. Xeral	Auxiliar	Vacante
05.03.00.02.16	SEPULTUREIRO	E-12	1	Ag. Profesional. Administración Especial	Persoal oficios	Vacante
06.00.00.01.01	TÉCNICO MEDIO EN SERVICIOS SOCIAIS	A2-26	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante
06.00.00.03.02	AUX ADMTVO. ÁREA SERVICIOS SOCIAIS	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante
07.00.00.03.02	ADMINISTRATIVO. ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO.	C1-18	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante
08.00.00.01.01	TÉCNICO DE XESTIÓN DEPORTIVA	A2-20	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante
08.00.00.03.02	AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA DE DEPORTES.	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante
09.00.00.01.01	BIBLIOTECARIO-	A1-26	1	Ad.	Técnico	Propiedade

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

09.00.00.03.03	ARQUIVEIRO AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA DE CULTURA E TURISMO	C2-16	1	Especial Ad. General	Superior Auxiliar	Vacante
09.00.00.02.03	TÉCNICO TURISMO	A2-20	1	Ad. Especial	Técnica	Vacante

PERSONAL LABORAL

CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Nº de prazas	Situación
01.00.00.02.07	NORMALIZADOR LINGÜÍSTICO	II-20	1	Vacante
05.00.00.01.01	ENCARGADO DE OBRAS E SERVIZOS	III-22	1	Vacante
05.01.00.02.02-03	OFICIAL 1ª	IV-14	2	Vacante
05.01.00.02.04-05	OFICIAL 2ª	V-12	2	Vacante
05.01.00.03.07	CONDUTOR	IV-14	1	Vacante
05.01.00.03.08-10	PEÓN	V-12	3	Vacante (1)
05.02.00.02.12-13	XARDINEIRO	IV-14	2	Vacante (2)
05.02.00.03.14-15	PEÓN UNIDADE DE PARQUES E XARDÍNS	V-12	1	Vacante
05.04.00.02.17	ENCARGADO DE MERCADO	V-12	1	Vacante
05.05.01.02.18	ENCARGADO DO PUNTO LIMPO	IV-16	1	Vacante
05.05.01.02.19-20	CONDUTOR CAMIÓN RECOLLIDA DE LIXO	IV-14	2	Vacante (1)
05.05.01.03.21-23	PEÓN RECOLLIDA DE LIXO	V-12	3	Vacante (1)
05.05.02.03.24-30	BARRENDEIRO	V-12	6	Vacante (4)
05.05.03.03.31-38	LIMPADOR	V-12	8	Vacante (7)
06.01.00.02.03	PSICÓLOGO	I-22	1	Vacante
06.01.00.03.04	ASISTENTE SOCIAL	II-20	1	Vacante
06.02.00.02.05	ANIMADOR SOCIAL	II-20	1	Vacante
06.03.00.02.07	EDUCADOR SOCIAL	II-20	1	Vacante
06.03.00.03.08-15	AUXILIAR DE FOGAR	V-12	8	Vacante
07.00.00.03.03	CONSERXE-CONDUTOR	IV-14	1	Vacante
07.00.00.03.05	INFORMÁTICO	III-18	1	Vacante

PERSONAL LABORAL CON CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA.



POSTO	N.º de prazas	Remate Contrato
ANIMADOR CULTURAL	1	Fin de servizo.
ANIMADOR DEPORTIVO	1	Fin de servizo.
AXENTE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	Fin de servizo.
PEÓN, APROL RURAL	1	21/07/2021 A 20/04/2020
PEÓN PEL	7	01/05/2021 a 31/12/2021
PEÓN (RISGA)	1	21/09/2021 A 20/06/2022
LIMPADOR (RISGA)	1	21/09/2021 A 20/06/2022
AUXILIAR DE POLICÍA	4	02/08/2021 A 01/02/2020 (3 auxiliares) 07/08/2021 A 06/02/2022 (1 auxiliar)
LIMPADOR/A EDIFICIOS	1	Interinidade substitución por IT de dona María Esther Allegue Curbeira.
LIMPADOR/A VÍAS PÚBLICAS	1	Interinidade, substitución por IT d. Francisco Varela Piñeiro
TÉCNICA TURISMO	1	01/08/2021 A 31/12/2021.

CUARTO.- Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2022, polo prazo de 15 días hábiles, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal.

SEXTO.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA; e en aplicación do artigo 8.d) da Lei de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase na sede electrónica.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as dez horas e corenta e cinco minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria accidental, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno do Concello celebrado o día 27.01.2022, segundo o borrador asinado o día 24.01.2022. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.